



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

José Antonio Pereira Gil, alcalde do Concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza da secretaria- interventora de dito concello, emito o seguinte decreto:

Asunto: INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DENOMINADA “MELLORA DO ENTORNO DA IGREXA DE FIOPÁNS [POS AD/2 2023]”.

Expte. TEDEC: 2024/C003/000002 (Contrato).

Expte. TEDEC: 2024/G003/000532 (Decreto).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ó que se refire este decreto, en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, (BOE núm. 236 do 02/10/2015), (en diante LRXSP).

Vistos os seguintes datos relativos ó presente Decreto:

- Procedemento: Contrato de obras mediante procedemento aberto simplificado
- Expediente: 2024/C003/000002
- Documento: Resolución de inicio
- Órgano de contratación: Alcaldía
- Asinante: Alcalde-Secretaria

Vistas as características principais do expediente de contratación da obra denominada “*Mellora do entorno da Igrexa de Fiopáns [POS AD/2 2023]*”:

- Procedemento: aberto simplificado
- Tipo de contrato: obras
- Obxecto: *Mellora do entorno da Igrexa de Fiopáns [POS AD/2 2023]*
- Tramitación: ordinaria
- Código CPV: 45233200-1 Traballos diversos de pavimentación
- Valor estimado do contrato: 61402,61 (IVE excluído)
- IVE: 12894,55 (21,00 %)
- Presuposto base da licitación: 74297,16 (IVE incluído)
- Duración da execución: 6 meses

Visto que non procede a división en lotes polos seguintes motivos: Aplicación da previsión contida no artigo 99.3.b) LCSP, (segundo o decreto do alcalde núm. 500/2023 do 26/09/2023).

Á vista das características e do importe do contrato procede a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado por parte desta Alcaldía.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1 O alcalde, no decreto 410/2023, do 19 de xullo de 2023, delegou na Xunta de Goberno Local, entre outras, esta competencia:
A contratación e concesión de obras, servizos e subministracións cuxa contía no exceda do 5 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, nin do 50 por 100 do límite xeral aplicable á contratación directa, así como de todos aqueles outros que, excedendo da citada contía, teñan unha duración non superior
- 2 Logo de ver a necesidade de acelerar os trámites para posibilitar, o máis axiña posible, o inicio da contratación das obras identificadas dado que está suxeita a prazos inaprazables e para os efectos de lograr unha maior axilidade e celeridade no procedemento de adxudicación, é necesario e conveniente avocar, para este procedemento concreto, a competencia delegada na Xunta de Goberno Local.
- 3 Os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun ou varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial fágano conveniente, ao abeiro do artigo 10 da LRXSP).
- 4 A duración da obra é inferior aos dous anos polo non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos deste contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión, ao abeiro do artigo 103.5 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).
- 5 Considerando a documentación incorporada ao expediente, e de conformidade co establecido na disposición adicional segunda da LCSP.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, e en aplicación do artigo 10 da LRXSP, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este decreto, que tiña sido delegada por decreto de alcaldía número 410/2023, de data 19 de xullo de 2023, na Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Declarar a non procedencia da revisión de prezos que se motiva no prazo de execución das obras que é inferior aos dous anos, así como na natureza das obras. No prego de cláusulas administrativas particulares, (en diante PCAP), farase constar a non procedencia da revisión de prezos polo motivos indicados nas consideracións legais e técnicas (apartado 4).

Terceiro.- Iniciar o expediente para a contratación descrita nos antecedentes mediante procedemento aberto simplificado.

Cuarto.- Xustificar a celebración do contrato polos motivos que se relacionan na Memoria Xustificativa incorporada ao expediente, quedando acreditado que a contratación mediante un contrato de obras é a forma máis idónea e eficiente de levar a cabo os fins do Concello.

Quinto.- Ordenar a redacción do PCAP que deben rexer o contrato e o proceso de adxudicación. O prego de prescricións técnicas, o proxecto, foi aprobado polo Pleno da



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Corporación municipal en sesión realizada o 27/09/2023 e incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan Único de concellos 2023.

Sexto.- Que, pola Intervención municipal se faga a retención de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato.

Sétimo.- Dar conta de todo o actuado a esta Alcaldía para resolver o que proceda.

Oitavo.- Dar conta deste decreto ó Pleno e ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles outros terceiros interesados que obren no expediente.

Mándao e asínao o Alcalde, don José Antonio Pereira Gil, do que eu a secretaria-interventora, Olga Dourado González, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.